

5.- PREMIOS: Para cada unha das categorías establécense os seguintes recoñecementos:

- a. Primeiro premio: un diploma e un vale regalo de 150 euros válido durante ano en curso.
- b. Segundo premio: un diploma e un vale regalo de 100 euros válido durante o ano en curso.

O premio fallarase antes do 15 de maio 2026, e serán entregados o Día das Letras Galegas, data festiva dedicada á autora.

6.- PUBLICIDADE DOS TRABALLOS E DEREITOS: Coa entrega dos traballos cédese o dereito a darlles publicidade e de seren amosados nas páxinas web da Fundación Carlos Casares e do Concello de Xinzo de Limia, así como nos espazos físicos desas entidades se se dá o caso. O autor ou autora da obra é o único responsable do que nela se inclúa. Os organizadores declinan toda a responsabilidade legal sobre o seu contido.

A participación neste concurso supón a plena aceptación destas bases. Ante calquera dúbida, prevalecerá a opinión do xurado. Agás petición por escrito, non se devolverán os traballos presentados, que quedarán no arquivo da Fundación Carlos Casares. O Concello de Xinzo e a Fundación Carlos Casares reservan o dereito, nun futuro, da publicación das obras gañadoras nas distintas edicións, previa petición formal aos gañadores.



CONCURSO “UNHA CUBERTA PARA BEGOÑA CAAMAÑO”

Deseña a cuberta para un libro da protagonista do Día das Letras Galegas 2026 e gaña un premio

CONVOCATORIA [>](#)

*Este ano dedícaselle o 17 de maio, Día das Letras Galegas, á xornalista e escritora **Begoña Caamaño** (Vigo, 1964 – Santiago de Compostela, 2104). A pesares de ter publicado só dúas novela, **Circe ou pracer do azul** (2009) e **Morgana en Esmelle** (2012), causou tan boa impresión no público lector que en pouco tempo recibiu os premios galegos Ánxel Casal; Asociación de Editores en Lingua Galega (AELGA); Losada Diéguez; e mais o premio da Crítica Española (narrativa en galego).*

Foto: Wikipedia, Creative Commons, CC BY-SA 4.0.

Para celebrar o feliz evento do Día das Letras 2026, o **Concello de Xinzo de Limia** e a **Fundación Carlos Casares** convocan este concurso que xunta as artes plásticas e a literatura.

BASES _____>

1.- DESTINATARIOS E CATEGORÍAS: Alumnado dos centros escolares da comarca da Limia en dúas categorías de idade:

A. PRIMARIA:

1. Primeiro e Segundo, ou [A1]
2. Terceiro e Cuarto, ou [A2]
3. Quinto e Sexto, ou [A3]

B. SECUNDARIA:

1. Primeiro e Segundo, ou [B1]
2. Terceiro e Cuarto, ou [B2]

2.- FINALIDADE E FORMATO: A finalidade do concurso é deseñar a cuberta dun libro de Luísa Villalta dende a mirada propia dos participantes.

O formato da cuberta será en DIN A4 /folio, en papel ou cartolina, con calquera técnica artística que conforme a ilustración (pintura, *collage*, debuxo...). As obras serán orixinais, en lingua galega e non premiadas anteriormente noutros concursos. A cuberta conterá, ademais da ilustración, o título da obra e o nome do autor ou autora homenaxeados, como se fose a cuberta dun libro editado.

3.- PRAZO DE RECEPCIÓN E MODO DE ENVÍO: A convocatoria estará aberta do 20 de febreiro ao 8 de maio de 2026.

As obras, só unha por concursante, deberán enviarse dentro dun sobre pechado grande, no que se porá tamén un sobre pequeno que conteña unha folia cos datos da autoría: a) Nome completo e apelidos, b) Título da obra, c) Enderezo e teléfono de contacto do pai, nai ou titor da persoa participante.

No sobre debe figurar o enderezo de envío: Oficina de Cultura - Casa da Cultura de Xinzo de Limia / Rúa Curros Enríquez, 17 (Praza de Carlos Casares) / 36320 XINZO DE LIMIA, e debaixo: o nome do concurso ao que se presenta; título de obra e categoría na que concursa, é dicir, unha das cinco anteriores.

O sobre pode enviarse por correo postal; entregarse na Oficina da Casa da Cultura ou na Secretaría do centro escolar.

4.- XURADO E CRITERIOS DE VALORACIÓN: O xurado estará composto polo alcalde de Xinzo de Limia ou persoa na que delegue; o presidente da Fundación Carlos Casares ou persoa na que delegue; o pintor Antón Pulido; unha profesora de debuxo dun dos centros escolares da Limia e un secretario con voz pero sen voto. Premiarase a creatividade, a orixinalidade, o equilibrio e a composición dos traballos, así como os recursos técnicos empregados. O premio non poderá ser declarado deserto.